

## PROPIEDADES TEXTUAIS

Hai, ademais da corrección ortográfica, tres parámetros fundamentais que debemos ter en conta á hora de confeccionar un texto:

- **Adecuación:**

Esta propiedade consiste en adaptar o texto ao receptor e á situación en que nos encontramos. Non é o mesmo comunicarnos cun profesor ou profesora que facelo cun amigo ou amiga.

Relacionados coa adecuación están os diferentes rexistros lingüísticos.

- **Rexistro formal:** caracterízase polo uso dun vocabulario máis selecto, con estruturas máis elaboradas.
- **Rexistro coloquial:** o vocabulario é de uso cotián e empréganse estruturas sintácticas moi simples.

- **Coherencia:**

Refírese á correcta organización e ordenación da información no texto.

Partindo daquilo que queremos comunicar debemos establecer unha organización de ideas, de modo que queden ordenadas segundo a súa importancia e relación.

- **Cohesión:**

Esta propiedade está ligada á coherencia. Consiste na unión que se establece entre as ideas. Un texto non pode ser unha sucesión de oracións sen relación entre si.

Os elementos básicos para lograr a cohesión son os seguintes:

- A referencia ou **deíxe**: procedemento mediante o que determinadas palabras remiten a outros elementos do texto. Os elementos lingüísticos deícticos son:
  - **Os pronomes persoais:** *Carme e Xaquín non comezaron á escola cos demais compañeiros. **Eles** estiveron enfermos e chegaron meses máis tarde.*
  - **Os demostrativos e os posesivos:** *Non quero recibir malas noticias, **iso** perturbaría a miña tranquilidade.*
  - **Os adverbios:** *Na aldea todo o mundo estaba seguro do que dicía aquel home. **Alí** a súa palabra era a única que valía.*
- A **elipse**: procedemento que consiste na supresión dalgún elemento léxico sen que se altere o sentido do que se quere dicir. É moi común, por exemplo, a omisión do suxeito: *Meu pai chegou tarde á casa. (**meu pai**) Non quixo dar ningunha explicación, a pesar de que miña nai llas pediu.*

- A **recorrenza**: procedemento que consiste na repetición de elementos do texto de diferentes maneiras:
- **Repetición** da mesma palabra: *Inés comprara un vestido para a festa. Estaba convencida de que sería o **vestido** máis bonito de todos.*
  - Emprego **sinónimos**: *O seu noivo era asturiano; en cambio, os pais do **mozo** eran galegos.*
  - Emprego de hiperónimos e hipónimos:
    - **Hiperónimo**: *Xacobe tiña moita paciencia e constancia, **virtudes** envexables.*
    - **Hipónimos**: *Xacobe tiña moitas virtudes, pero eu destacaría principalmente a **paciencia** e a **constancia**.*
- Os **conectores** ou marcadores discursivos: sinalan os vínculos entre as partes do texto. Hainos de diferente tipo:

<b>Causais</b>	Establecen relacións de causa.	Porque, xa que, por iso, por esa causa, por esta razón, posto que, dado que, a causa disto, a raíz de...
<b>Consecutivos</b>	Establecen relacións de consecuencia.	Logo, entón, en consecuencia, polo tanto, por conseguinte...
<b>Ordenadores</b>	Marcan a distribución da información.	En primeiro lugar / segundo lugar, para comezar, primeiro, para continuar, por outra parte, por outro lado, por último, finalmente, para rematar...
<b>Anafóricos</b>	Indican cal é o tema que se desenvolve nesa parte do texto, en relación con algo que se dixo antes.	En relación con, polo que respecta a, no tocante a...
<b>De contraste</b>	Indican oposición ou matizan unha conclusión.	Pero, en cambio, non obstante, con todo, porén, aínda que, a pesar de...
<b>De exemplificación</b>	Particularizan.	Por exemplo, é dicir, como...
<b>De resumo ou conclusión</b>	Introducen unha síntese.	En resumo, en conclusión...

<b>De semellanza</b>	Establecen relacións de parecido.	Do mesmo modo, da mesma maneira, igual que...
<b>Temporais</b>	Ordenan cronoloxicamente.	Máis tarde, antes, hoxe, tempo despois, a continuación...
<b>Aditivos</b>	Indican o engadido de ideas, datos...	E, ademais, tamén, así mesmo...